

GASTEROMICETOS RECOLLIDOS NO CAMPUS UNIVERSITARIO DE VIGO (PONTEVEDRA)

por
G. PÉREZ-TORRÓN¹, S. ROJO² & M.L. CASTRO³

PÉREZ-TORRÓN, G., ROJO, S. & CASTRO, M.L. 2017. Gasteromicetos recollidos no Campus Universitario de Vigo (Pontevedra). *Mykes*: 25-37.

Resumo

Neste artigo cítanse 17 taxons de gasteromicetos recollidos nas inmediacións do Campus Universitario de Vigo (Pontevedra). Trátase dunha contribución ao catálogo macromicolóxico deste campus universitario. Destacan 2 novidades para Galicia.

Palabras clave: Gasteromicetos, micobiota, Galicia, noroeste ibérico.

PÉREZ-TORRÓN, G., ROJO, S. & CASTRO, M.L. 2017. Gasteromycetes collected in University Campus of Vigo (Pontevedra). *Mykes*: 25-37.

Summary

This paper lists 17 taxa of gasteromycetes which were collected in the University Campus of Vigo as a contribution to the macromycological catalogue of this university campus. Two taxonomic novelties reported stand out for Galicia.

Keywords: Gasteromycetes, micobiota, Galicia, NW Iberian Peninsula.

INTRODUCCIÓN

Na parte sur da conca alta do río Zamáns sitúase o Campus Universitario Lagoas-Marcosende da Universidade de Vigo (CUVI), ocupando unha extensión aproximada de 138 ha (29TNG2668), entre os 390 m e os 485 m sobre o nivel do mar (OMA, 2007).

Como indica o seu topónimo, “As Lagoas”, o solo desta zona caracterízase pola súa elevada retención de auga (RODRÍGUEZ & RUBIDO, 2005), tanto pola existencia de numerosos acuíferos, como por tratarse

Facultade de Bioloxía, Campus Lagoas-Marcosende. E-36310-Vigo.

¹e-mail: gabivacaloura@gmail.com; ²e-mail: sergio.rojo.martinez@gmail.com; ³e-mail: lcastro@uvigo.es

dun terreo elevado no que as fortes choivas contribúen á formación de pequenos regatos que desembocan en pozas.

O bioclima do Campus vese influenciado pola proximidade do mar, que suaviza as temperaturas e amortece as súas variacións, polo que pode ser considerado tépedo, entre o típico e o submediterráneo (RODRÍGUEZ & RAMIL-REGO, 2007). Destacan días extremadamente fríos durante os meses de inverno e outros extremadamente quentes, durante o verán, únicos momentos nos que a micetación diminúe.

A partir do ano 1991 a superficie do Campus, basicamente formada por matogueiras de queirugas (diversas especies de *Erica*) e toxo (*Ulex* sp. pl.), entre o que destaca a presenza de *U. micranthus* Lange, con algún que outro piñeiro, preferentemente *Pinus pinaster* Aiton (OJEDA, 2009a, 2009b), viuse alterada como resultado da construción dos edificios que conforman nel a Universidade de Vigo (OMA, 2007).

En 2001 a Universidade comezou o Plan de Revexetación, mediante o cal se introduciron máis de 15 000 plantas leñosas nunha superficie de 80 ha. (RODRÍGUEZ & RUBIDO, 2005), coas que se tentou reforzar a presenza de especies características da zona e crear novas formacións vexetais propias de Galicia: carballeira galaico-portuguesa, sobreiral, devesa, sotos e ripisilvas (NIETO & MARTÍNEZ, 2003). A humidade e a sombra nestas formacións dan lugar á existencia de ricos micotopos forestais durante a maior parte do ano.

Ademais das matogueiras existen ao redor de 3 ha de prado (NIETO & MARTÍNEZ, 2003), o que dá lugar á presenza de micotopos fimícolas interesantes. Destacan tamén as 66 ha de zonas axardinadas, conformadas por un total de 123 taxons de plantas leñosas (ROJO, 2016), o que pode favorecer a presenza de macromicetos pouco frecuentes no resto de Galicia.

METODOLOXÍA

A recolección do material estudado segue o patrón metodolóxico habitual nos estudos macromicolóxicos (BAS *et al.*, 1988). A zona de estudo foi visitada semanalmente no período temporal comprendido entre os meses de setembro do 2016 e xuño do 2017.

Neste traballo inclúense basidiomicetos co himenio interno (gasteromicetes), independentemente da situación taxonómica actual (CANNON & KIRK, 2007). Para a identificación das especies empregáronse obras de carácter xeral como BREITENBACH & KRÄNZLIN (1986), JÜLICH (1989), BON (2004) e COURTECUISSE & DUHEM (2005), a monografía de CALONGE (1998), ademais doutros traballos máis especializados, que se mencionan nos comentarios das especies.

O material, previamente identificado e etiquetado, está incluído na micoteca LOU-Fungi (CIFA de Lourizán, Pontevedra).

No catálogo de especies, ademais do nome actualizado por INDEX FUNGORUM (en liña) mediante o protólogo nomenclatural, indícase o material estudado e a súa distribución en Galicia. No caso de tratarse dunha primeira cita amplíase a análise corolóxica á Península Ibérica e, a ser posible, xeorreferenciase a nivel mundial (GBIF, en liña). Nalgún caso tamén se inclúen observacións que axudan a caracterizar o taxon.


CATÁLOGO DE ESPECIES

***Arachnion lazoi* Demoulin**, *Nova Hedwigia*, 21(3-4): 645 (1972) [Fig. 1.1]

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390 m, baixo planifolias, 17-X-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20725.



Fig. 1. *Arachnion lazoi* (LOU-Fungi 20725);
1. Carpóforo,
2. Esporas (MO 1000x).



Especie pouco frecuente, semellante a outras do xénero *Arachnion*, das que se diferencia pola ausencia de pedicelo nas esporas [Fig. 1.2] e o capilicio pouco desenvolvido, septado e con poros redondeados (CALONGE, 1998). Frutifica en terreos areosos, descubertos, entre a herba tanto en primavera coma outono, con tendencia a zonas de clima mediterráneo na súa distribución (MOYERSON & DEMOULIN, 1996; CALONGE, 1998).

Aparece xeorreferenciada só nos continentes americano e austral (GBIF, en liña, nº 2535756); non obstante, na Península Ibérica cítase para as provincias do Algarve (Portugal) e de Madrid (CALONGE & DEMOULIN, 1975), así como para a de Córdoba (ORTEGA & BUENDÍA, 1989). Trátase dunha primeira cita para Galicia.



Fig. 2. *Aseroë rubra* (LOU-Fungi 20726).

***Aseroë rubra* Labill., Nov. Holl. Pl., 1: 145 (1800)**

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390 m, baixo *Quercus robur*, 4-V-2017, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20726.

A colección estudada presenta exemplares atípicos, ao carecer das bifurcacións terminais nos brazos [Fig. 2].

Trátase dunha especie australiana que aparece distribuída por diversas zonas do planeta. En Galicia só é coñecida na provincia de Pontevedra (CALONGE & REQUEJO, 2009; REQUEJO, 2011) en terreos bastante nitrificados.

***Astraeus hygrometricus* (Pers.) Morgan**, *J. Cincinnati Soc. Nat. Hist.*, 12: 20 (1889)

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390 m, baixo planifolias, 18-X-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20727.

Trátase dunha especie amplamente estendida por todo o Hemisferio Norte, tamén referenciada do sur e do continente austral (GBIF, en liña, nº 5239766). É común en toda Galicia, baixo árbores caducifolias (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016).

***Bovista aestivalis* (Bonord.) Demoulin**, *Beih. Sydowia*, 8: 143 (1979) [Fig. 3]

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390 m, en prado, 27-IX-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20728.

Trátase dunha especie cunha ampla diversidade morfolóxica, que presenta dificultades para diferenciala de *B. dermoxantha* (Vittad.) De Toni. A primeira presenta capilicio de tipo intermedio, fronte ao de tipo lycoperdon da segunda (CALONGE, 1998).



Fig. 3. *Bovista aestivalis* (LOU-Fungi 20728).

Non se coñece a súa distribución mundial, mais atópase amplamente distribuída pola Península Ibérica e Illas Baleares (CALONGE & ALMEIDA, 1992) e, para Galicia, soamente foi citada nas provincias de Ourense (CASTRO *et al.*, 1993) e Pontevedra (REQUEJO, 2012).

***Bovista plumbea* Pers., *Ann. Bot. (Usteri)*, 15: 4 (1795)**

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390 m, en prado, 30-V-2017, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20729.

É un taxon extremadamente común no Hemisferio Norte e Nova Zelandia (GBIF, en liña, nº 2535193), tamén por toda a Península Ibérica (CALONGE, 1998). En Galicia é frecuente en prados, a baixa altitude (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016), en montaña é substituída por *B. nigra* Velen.

***Clathrus archeri* (Berk.) Dring, *Kew Bull.*, 35(1): 29 (1980) [Fig. 4]**

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390 m, baixo *Quercus robur*, 24-X-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20730.

Trátase dunha especie coñecida en Europa e Nova Zelandia, de onde parece proceder (GfBIF, en liña, nº 2524020). É frecuente no norte de España e común nas catro provincias galegas (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016), tanto en bosques como en marxes de camiños.



Fig. 4. *Clathrus archeri* (LOU-Fungi 20730).

***Crucibulum laeve* (Huds.) Kambly**, *Stud. Nat. Hist. Iowa Univ.*, 17(4): 167 (1936) [Fig. 5]

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390 m, sobre madeira de planifolias, 7-II-2017, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20731.

Trátase dun taxon distribuído por todo o mundo (GBIF, en liña, nº 5243575), tamén frecuente na Península Ibérica (CALONGE, 1990) e en Galicia (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016), preferentemente sobre madeira de caducifolias.



Fig. 5. *Crucibulum laeve* (LOU-Fungi 20731).

***Cyathus olla* (Batsch) Pers.**, *Syn. meth. fung. (Göttingen)*, 1: 237 (1801) [Fig. 6]

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390 m, entre herbas, en camiño, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20732.

Trátase dunha especie aparentemente sinxela de identificar macroscopicamente pola ausencia de grandes pelos no exterior do exoperidio e por ser liso e brillante no interior. A colección estudada presenta peridiolos aglomerados, os superiores sen funículo aparente e de cor case negra, semellante a *C. stercoreus* (Schwein.) De Toni, mais a presenza de esporas menores de 15 µm de longo exclúeo deste grupo (ZHAO *et al.*, 2007). Presenta esporas de 8-12 (14) × 6-10 µm, lisas e elipsoides. As hifas do peridio son pardas e de paredes grosas, superan as 6 µm de ancho, e as do capilicio, presentan paredes delgadas, tabiques



Fig. 6. *Cyathus olla* (LOU-Fungi 20732).

inchados ou non, semellantes aos de *Tulostoma brumale* Pers., dato que non foi observado na bibliografía consultada (CALONGE, 1998; MERINO ALCÁNTARA, en liña), e nalgúns casos con fíbulas.

Ao tratarse dun complexo de especies non se coñece a distribución a nivel mundial. Non obstante aparece amplamente citada para a Península (CALONGE, 1990) e é unha especie común en Galicia, aínda que non frecuente (CASTRO *et al.*, 1993), sobre todo tipo de substratos leñosos ou fortemente nitrificados.

***Cyathus striatus* (Huds.) Willd., Fl. berol. prodr.: 399 (1787)**

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390 m, sobre madeira de planifolias, 10-XI-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo o, LOU-Fungi 20733.

Trátase dunha especie moi común en Europa (GBIF, en liña, n° 5243151), na Península Ibérica (CALONGE, 1998) e en Galicia, tanto sobre madeira de caducifolias cortada como sobre contrachapados e serrín (CASTRO *et al.*, 1993).

***Lycoperdon lambinonii* Demoulin, Lejeunia, n.s. 62: 13 (1972) [Fig. 7]**

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390 m, baixo *Quercus robur*, 24-X-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20734.

Taxon complexo, semellante a outros do mesmo xénero, como *L. molle* Pers. e *L. umbrinum* Pers., dos que se diferencia polo pequeno tamaño esporal (3-4 μ m), o exoperido formado por grupos de espiñas converxentes e gránulos, así como o capilicio punteado (CALONGE, 1998).



Fig. 7. *Lycoperdon lambinonii* (LOU-Fungi 20734).

Non se coñece distribución mundial. Para España aparece recollido, baixo *Pinus*, *Cistus* e *Quercus*, nas provincias de Barcelona, Córdoba, Huesca, Lleida, León, Madrid, Salamanca, Tarragona, Teruel e Zaragoza (MARTÍN, 1988; CALONGE, 1990). É a primeira cita para Galicia.

***Lycoperdon molle* Pers., Syn. meth. fung. (Göttingen), 1: 150 (1801)**
 Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390 m, baixo *Quercus robur*, 17-X-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20735.

É un taxon común por todo o Hemisferio Norte (GBIF, en liña, nº 5243240), extendido por toda Galicia, mais non é a especie máis frecuente do xénero (CASTRO *et al.*, 1993).

***Lycoperdon perlatum* (Berk.) Dring, Observ. mycol. (Lipsiae), 1: 4 (1796)**

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390 m, baixo *Quercus robur*, 17-X-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20736.

Trátase dunha especie coñecida globalmente (GBIF, en liña, nº 5243258), moi común tamén en Galicia, relacionada tanto con caducifolias como coníferas (CASTRO *et al.*, 1993).

***Mutinus elegans* (Mont.) E. Fisch, Syll. fung. (Abellini), 7: 13 (1888) [Fig. 8]**
 Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390 m, en prado, 27-X-2015, leg. H. Fernández-Ricón, LOU-Fungi 20737.



Fig. 8. *Mutinus elegans* (LOU-Fungi 20737).

A coloración rosada do pseudoestipe e a forma da gleba diferencian este taxon perfectamente de *M. caninus* (Huds.) Fr.

Especie xeorreferenciada da costa oriental de Norteamérica e Centroeuropa (GBIF, en liña, nº 5239471), non obstante, parece non ser frecuente na Península Ibérica (CALONGE, 1990) agás Galicia, onde aparece rexistrada nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016).

***Phallus impudicus* L., Sp. pl., 2: 1178 (1753)**

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390m, baixo planifolias, 24-X-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20738.

Trátase dun taxon frecuente en Europa, tamén referenciado para Norteamérica (GBIF, en liña, nº

3314876). É moi abundante por toda Galicia, normalmente relacionado con terreos nitrificados ou ricos en follas (CASTRO *et al.*, 1993).

***Pisolithus arhizus* (Scop.) Rauschert, Z. Pilzk., 25(2): 50 (1959)**

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390 m, baixo *Quercus robur*, *Pinus pinaster*, 21-IX-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20739.

Especie recoñecible por posuír basidiomas globosos ou claviformes e gleba distribuída en pseudoperidiolos amarelos, pardo violáceos ou negros. Baixo eucalipto pódense atopar outras especies dificilmente diferenciables por caracteres macro ou microscópicos (LAGO ÁLVAREZ, 2008).

Ao tratarse dun xénero con especies semellantes non se coñece a súa xeorreferenciación mundial, pero está amplamente citado para a Península Ibérica (CALONGE, 1990) e para Galicia (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016), baixo todo tipo de árbores caducifolias, coníferas e eucaliptos.

***Scleroderma areolatum* Ehrenb, Sylv. mycol. berol. (Berlin): 27 (1818)**

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390 m, baixo *Salix* sp., 23-I-2017, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20740.

Basidioma característico polas aréolas formadas no exoperidio e pola caída das escamas que o recobren.

É común en todo o Hemisferio Norte e tamén aparece rexistrada na zona austral (GBIF, en liña, nº 5239963). Resulta frecuente no norte da Península Ibérica (CALONGE, 1998) e tamén nas catro provincias galegas (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016).

***Scleroderma bovista* Fr.**, *Syst. mycol. (Lundae)*, 3(1): 48 (1829) [Fig. 9]
Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390 m, baixo *Salix* sp., 23-I-2017, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20758.

Atópase distribuída por todo o Hemisferio Norte, e tamén é citada para Australia e Nova Zelandia (GBIF, en liña, nº 5239977). Trátase dunha especie coñecida en toda a Península Ibérica (CALONGE, 1998) e nas catro provincias galegas, aínda que non é o taxon máis frecuente do xénero (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016).

***Scleroderma polyrhizum* (J.F. Gmel.) Pers.**, *Syn. meth. fung. (Göttingen)*, 1: 156 (1801)

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, 390 m, baixo *Quercus robur*, *Pinus pinaster*, 18-X-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20759.

Aparece xeorreferenciada no Hemisferio Norte (GBIF, en liña, nº 5239950). Trátase dun dos taxons máis comúns de Galicia (RODRÍGUEZ-



Fig. 9. *Scleroderma bovista* (LOU-Fungi 20758).

VÁZQUEZ & CASTRO, 2016), tamén no resto da Península Ibérica (CALONGE, 1990), frutifica preferentemente nas marxes dos camiños ou nos claros do bosque.

AGRADECIMENTOS

A todos os membros do Laboratorio de Micología, especialmente a Hugo Fernández-Ricón polo seu apoio no traballo de laboratorio.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BAS, C., KUYPER, TH.W., NOORDELOOS, M.E. & VELLINGA, E.C. (eds.). 1988. *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of agarics and boleti occurring in the Netherlands*. Vol. 1. Rotterdam. Ed. A.A. Balkema.
- BON, 2004. *Champignons de France et d'Europe Occidentale*. Paris. Flammarion.
- BREITENBACH, J. & KRÄNZLIN, F. 1986. *Champignons de Suisse. Tome 2. Champignons sans lames. Hétérobasidiomycètes, Aphyllophorales, Gastéromycètes*. Lucerne. Mykologia.
- CALONGE, F.D., 1990. Check-list of the Spanish Gasteromycetes (Fungi, Basidiomycotina). *Cryptog. Bot.*, 2(1): 33-55.
- CALONGE, F.D., 1998. *Flora Mycologica Ibérica vol. 3: Gasteromycetes, I. Lycoperdales, Nidulariales, Phallales, Sclerodermatales, Tulostomatales*. Madrid. CSIC, Real Jardín Botánico Madrid.
- CALONGE, F.D. & ALMEIDA, M.G. 1992. Catálogo de los Gasteromycetes de Portugal. *Bol. Soc. Micol. Madrid*, 16: 73-108.
- CALONGE, F.D. & DEMOULIN, V. 1975. Les Gasteromycetes d'Espagne. *Bull. Soc. Mycol. France*, 91(2): 247-292.
- CALONGE, F.D. & REQUEJO, O. 2009. *Aseroë rubra* (Phallales), a new record for Spain. *Micol. Veg. Medit.*, 24(1): 19-22.
- CANNON, P.F. & KIRK, P.M. 2007. *Fungal families of the world*. CABI. Cambridge University Press.
- CASTRO, M.L., FREIRE, L. & CALONGE, F.D. 1993. Catálogo provisional de los Gasteromycetes de Galicia (España). *Bol. Soc. Micol. Madrid*, 18: 87-104.
- COURTECUISSÉ, R. & DUHEM, B. 2005. *Guía de los hongos de la península Ibérica, Europa y el norte de África*. Barcelona. Omega.
- GBIF, en liña. Global Biodiversity Information Facility. In: www.gbif.org/species [Consultado: 8-VII-2017].
- INDEX FUNGORUM, en liña. Base de datos. In: www.indexfungorum.org/names/names.asp [Consultado: 5-VII-2017].
- JÜLICH, W. 1989. *Guida alla determinazione dei funghi. Vol. 2. Aphyllophorales, Heterobasidiomycetes, Gasteromycetes*. Trento. Arte Grafiche Saturnia.
- LAGO ÁLVAREZ, M. 2008. Micoflora (Basidiomycota) de los eucaliptales del NO de la Península Ibérica. *Guineana*, 14: 1-512.
- MARTÍN, M.P. 1988. *Aportación al conocimiento de las Higroforáceas y*

Gasteromicetes de Cataluña. Barcelona. Ed. Soc. Micol.Catalana.

- MERINO ALCÁNTARA, D. en liña. *Cyathus olla* (Batsch) Pers. In: www.micobotanicajaen.com/Revista/Articulos/DMerinoA/Aportaciones023/CyathusOlla.pdf [Consultado: 12-VII-2017].
- MOYERSON, B. & DEMOULIN, V. 1996. Les Gasteromycetes de Corse: Taxonomie, écologie, chorologie. *Bol. Soc. Lejeune*, 152: 1-128.
- NIETO ROMÁN, A. & MARTÍNEZ LEYENDA, P. 2003. *Guía da Natureza: Campus Marcosende*. OMA. Universidad de Vigo.
- OJEDA, F. 2009a. 4020 Brezales húmedos atlánticos de *Erica ciliaris* In: *Bases ecológicas preliminares para la conservación de los tipos de hábitat de interés comunitario en España*. Madrid. Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino.
- OJEDA, F. 2009b. 4030 Brezales secos europeos. In: *Bases ecológicas preliminares para la conservación de los tipos de hábitat de interés comunitario en España*. Madrid. Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino.
- OMA 2007. *Dossier Campus Verde*. Oficina de Medioambiente. Universidad de Vigo (inérito).
- ORTEGA, A. & BUENDÍA, A.G. 1989. Contribución al catálogo micológico de Andalucía. II. *Gasteromycetes*. *Bol. Soc. Micol. Madrid*, 13: 151-170.
- REQUEJO, O. 2011. Estudio da familia *Phallaceae* Corda (*Basidiomycota*, *Fungi*) en Galicia (N.O. da Península Ibérica). *Mykes*, 12: 15-27.
- REQUEJO, O. 2012. Catálogo micolóxico (*Ascomycota*, *Basidiomycota*) das ribeiras do río Caselas (Pontevedra, N.O. da Península Ibérica). *Mykes*, 15: 9-90.
- RODRÍGUEZ GUITIÁN M. A. & RAMIL-REGO, P. 2007. Clasificaciones climáticas aplicadas a Galicia: revisión desde una perspectiva biogeográfica. *Recursos Rurais*, 1(3): 31-53.
- RODRÍGUEZ GUNTÍN, I. & RUBIDO BARÁ, M. 2005. *Universidade é natureza: Itinerarios guiados polos hábitats do Campus de Vigo*. OMA. Universidad de Vigo.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. & CASTRO, M.L. 2016. *Micobiota galega, 1867-2015 (Ascomycota, Basidiomycota)*. Documento preliminar para a base de datos micolóxica galega *MICBIOTAGALICIA.MDB*. Ed. Grupo Micolóxico Galego. Disponible en: www.mykes.es/.../micbiotagalega18672015.pdf [Consultado: 16-VI-2017].
- ROJO MARTÍNEZ, S. 2016. Estudio de la flora leñosa del Campus Universitario de Vigo. *Revbiga*, 8: 111-121.
- ZHAO, R.-L., JEWON, R., DESJARDIN, D.E., SOYTONG, K. & HYDE, K.D. 2007. Ribosomal DNA phylogenies of *Cyathus*: Is the current infrageneric classification appropriate. *Mycologia*, 99(3): 385-395.